

■ (r)evoLuSion: CARA MODELOS DE NEGOCIO BASEADOS EN SOLUCIÓNS TIC EN CODIGO ABERTO.

Memoria de actividade



Táboa de contidos

1.- INTRODUCCIÓN.....	3
1.1.- AGASOL.....	3
2.- I XORNADA (r)evoLuSion.....	4
2.1.- CONTIDO.....	5
2.2.- OBXETIVOS.....	5
2.3.- ACTIVIDADES REALIZADAS.....	6
2.4.- RESULTADOS.....	8
3.- CONCLUSIONES.....	10

1.- INTRODUCCIÓN

As tecnoloxías de Software Libre teñen unhas determinadas características especiais que as diferencian a hora da súa produción e distribución, sendo moi importante coñecerlas e ter en conta para avaliar o impacto dende un punto de vista de empresa e negocio. O Software de código aberto está a converterse no motor de cambio do emerxente sector TIC en Galicia, dende a súa estrutura, até as estratexias competitivas levadas a cabo polas empresas de xeito que está a marcar un punto de inflexión moi importante na evolución do mercado.

Neste informe preséntase unha memoria detallada da I Xornada (r)evoLuSion: cara modelos de negocio baseados en solucións TIC en código aberto, como continuidade ao proceso de documentación do mesmo, e obedecendo á necesidade administrativa de xustificar as correspondentes partidas orzamentarias.

(PROCEDEMENTO SUBVENCIONS PARA A ACTUACIONES DE DIFUSION RELACIONADAS CO DESENVOLVEMENTO DA S.I., CÓDIGO DO EXPEDIENTE PR521A/2010-15002).

1.1.- AGASOL

A Asociación Galega de Software Libre (AGASOL) é unha iniciativa que nace da preocupación e dos intereses comúns de 28 empresas galegas ao redor do uso, distribución e fomento do software libre e dos estándares abertos como ferramentas válidas para desenvolver proxectos entorno as TIC e a sociedade da información en Galicia.

Algúns dos obxectivos marcados por AGASOL son: tentar de acadar maiores oportunidades de negocio entorno a solucións e tecnoloxías de código aberto “OpenSource”, exercer como interlocutores co conxunto de organizacións públicas e privadas dun sector en plena fase expansiva na nosa comunidade, e ao mesmo tempo conxugando accións de cara a fomentar un modelo de sociedade baseada no coñecemento no que resultan claves a liberdade para mellorar os programas informáticos e facer públicos e accesibles eses progresos.

2.- I XORNADA (r)evoLuSion

Este proxecto está organizado pola Asociación Galega de Empresas de Software Libre (Agasol) e a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Xunta de Galicia, baixo o título **(r)evoLuSion, cara modelos de negocio baseados en solucións TIC de código aberto.**

Está **cofinanciado** con **Fondos Europeos Feder**, polo **Ministerio de Industria, Turismo y Comercio** no ámbito do **Plan Avanza**, así como pola Xunta de Galicia a través da **Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica.**

O orzamento a financiar ascende a **13.285,98 €.**

Consiste nunha Xornada de traballo e posta en común centrada en estudar como afecta o Software Libre aos sectores industriais dende unha perspectiva en torno a modelos de negocio e dirección de empresas. Sirve para situar o contexto do Software Libre, as súas características como produto e o mercado que existe ao seu redor.

(r)evoLuSion nace cun espírito de profundar e estudar nos diferentes aspectos en canto as tecnoloxías de código aberto dende perspectivas como:

- Os modelos de negocio que as sustentan.
- A lexislación actual que permite a súa explotación de xeito regulado.
- A visión dende a dirección das empresas.
- Da importancia que ten o agrupamento do tecido empresarial como o caso de éxito Asolif ou mesmo Agasol.
- Presentación do proxecto Alial.

2.1.- CONTIDO

Na Xornada, dirixida a empresas de todos os sectores e emprendedores en xeral, puidéronse ver as diferencias dos ciclos de vida dun produto de software aberto en contraposición cun de software pechado, tamén se incidiu en casos concretos de empresas baseadas en Software Libre e cuestións relativas a este novo modelo de negocio.

A Xornada estruturouse en **dúas sesións de mañá (de 10 a 14 horas)** dirixido a un público en xeral e **tarde (de 16 a 20 horas)** dirixido a un sector máis especializado, o profesional.

2.2.- OBXETIVOS

A Xornada estivo centrada en estudar como afecta o software libre aos sectores industriais dende unha perspectiva entorno a modelos de negocio e dirección de empresas.

Para elo, primeiramente situouse o contexto do **Software Libre**, as súas características como produto e o mercado que existe ao seu redor. As tecnoloxías de Software Libre teñen unhas determinadas características especiais que as diferencian a hora da súa produción e distribución, sendo moi importante coñecelas e ter en conta para avaliar o impacto dende un punto de vista de empresa e negocio.

Outro aspecto que se tratou na xornada foi o relacionado co Software de código aberto como elemento motor de cambio no sector TIC, na súa estrutura, nas estratexias competitivas levadas a cabo por las empresas, e en como está a marcar un punto de inflexión moi importante na evolución do mercado. Puidéronse ver as diferencias dos ciclos de vida dun produto **Software aberto vs Software pechado**.

Amosouse por medio de recoñecidos expertos na materia, casos concretos de empresas baseadas en Software Libre, incidindo nas diferenzas co modelo comercial tradicional. Explicouse en que benefician ou inflúen nos clientes estes cambios, e nas cuestións básicas que afectan a unha organización, baseadas en **Software Libre** ou comercial neste novo modelo de negocio.

Estudiáronse os cambios que produce o Software Libre nas estruturas e procesos nos sectores industriais. Ademais de como definir novas estratexias nas empresas ante novos movementos, así como o conflito entre os modelos de negocio actualmente máis estendidos e outros novos que se están a planear.

A Xornada de conferencias contou cun programa que xirou ao redor das seguintes áreas temáticas.

- Publicación de código e licenciamiento.
- Modelos de negocio de empresas de software libre.
- Xestión de comunidades de desenvolvemento.

2.3.- ACTIVIDADES REALIZADAS

As xornadas celebráronse no Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia, na rúa Miguel Ferro Caaveiro s/n - San Lázaro, en Santiago de Compostela, o día 17 de Novembro de 2010.

O **PROGRAMA** desenvolvido foi o seguinte:

MAÑÁ

10:00 – 10:15 h: PRESENTACIÓN INSTITUCIONAL.

Estas Xornadas foron inauguradas por Don Xaime Barros, Subdirector Xeral de Calidade Interoperabilidade e Seguridade da Secretaría Xeral.

O Subdirector Xeral indicou que a decisión de abordar a promoción e fomento das tecnoloxías de Software Libre e de fontes abertas (FLOSS) pola Xunta de Galicia non é algo unicamente interno ao Goberno galego, senón que busca a colaboración con todos os axentes implicados no ecosistema galego do FLOSS. Tamén citou a importancia que ten para o goberno da Xunta o fortalecemento do tecido TIC galego, as políticas desenvolvidas e outras que se están a facer agora entorno a incorporación de Tecnoloxías de código aberto na administración galega, entre outras.

10:15 – 11:00 h: CONFERENCIA: **Agustin Benito Bethencourt.**

Exerce como coordinador de ASOLIF, a Federación Española de Asociacións empresas de software libre: <http://www.asolif.org>. E un fan de KDE (grupo internacional que coopera no desenvolvemento e distribución de software libre para ordenadores portátiles), ademáis é un crente da cultura libre.

11:00 – 11:45 h: CONFERENCIA: **José María Lancho Rodríguez.**

Avogado e escritor adicado ao eido do dereito das novas tecnoloxías. Na actualidade é o Presidente de Hispanilux, a maior asociación en lingua española de usuarios e desenvolvemento de software libre. É autor de traballos que tratan os problemas relativos ao software libre, os riscos das novas tecnoloxías de control social, a neutralidade tecnolóxica e de rede, as patentes de software, entre outros. Foi un dos fundadores de *Observatorio de neutralidade tecnolóxica*, un proxecto para fomentar a neutralidade tecnolóxica nas administracións públicas.

11:45 – 12:15 h: PAUSA CAFÉ.

12:15 – 13:00 h: CONFERENCIA: **Javier Vázquez.**

COO en Box Technologies, creador dun Servidor Linux para PEMES. Foi Presidente de AGASOL e Business manager, co-fundador de Igalia, así como Secretario en Eganet (Asociación de empresas galegas que desenvolven software e ou servizos TIC).

13.00 – 13:45 h: CONFERENCIA: **Fernando Vazquez.**

Na actualidade é Director Xeral de Imatia, foi fundador do grupo DASA da Universidade de Vigo, un dos grupos máis activos na colaboración empresa-universidade. Ocupou durante máis de tres anos o cargo de Director de I+D da Universidade de Vigo, e responsable da OTRI (Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación) e da OFIE (Oficina de Fomento de iniciativas Empresariales). Grazas a unha firme aposta pola I+D, a súa tecnoloxía Ontimize atópase na vangarda mundial neste campo publicado como software libre fai pouco tempo.

13:45 – 14:00 h: PREGUNTAS

Os asistentes ó evento fixeron moitas preguntas ós conferenciantes, e en vista do gran interese que había acordouse seguir co debate na sesión da tarde a través dos grupos de traballo e a mesa redonda.

TARDE

16:00 – 17:45 h: GRUPOS DE TRABALLO

17:45 – 18:15 h: PAUSA CAFÉ

18:15 – 19:00 h: MESA REDONDA

19:00 h: CLAUSURA DA XORNADA

2.4.- RESULTADOS

A continuación farase un pequeno resumo dos principais aspectos de cada unha das exposicións dos poñentes.

Agustín Benito Bethencourt

En representación como xerente da Federación Española de Asociacións de Empresas de Software Libre (ASOLIF), Agustín explicou con detalle o porque da existencia de esta organización, os traballos que están a desenvolver, os pasos futuros, etc. Facendo sempre nas intervencións moito fincapé con fundamentos en apostar por un modelo de colaboración empresarial e social onde se poidan abordar proxectos de forma mais responsable e eficaz. Ademais fixo na sesión de tarde unha exposición do proxecto alial.

José María Lancho Rodríguez

Jose María centrou a súa intervención en como tratar problemas relativos ao software libre, os riscos das novas tecnoloxías de control social, a neutralidade tecnolóxica e de rede, as patentes de software e ao dereito internacional, a neutralidade tecnolóxica nas administracións públicas, etc.

Javier Vázquez

Amosou durante toda a súa conferencia como a actitude e os coñecementos sobre o campo do software libre dun grupo de persoas que forman Zelyta, están sendo capaces de avanzar de cara a ser unha empresa cada día mais global, con un montón de colaboradores por todo o mundo, con un produto cada día mais competitivo e adaptado as necesidades reais. Javier Vázquez non quixo perder a oportunidade de falar sobre a importancia nas empresas de conseguir as condicións necesarias en canto ao modelo de negocio, xestión da comunidade, versatilidade das organizacións, busca de oportunidades mais preto (modelo bussiness angels Americano vs Europeo).

Fernando Vázquez

Fernando como o gran directivo que representa ofreceu unha visión moi interesante dende o punto de vista da xerencia empresarial, do que representa e de como facer que se entenda o modelo da utilización de tecnoloxías de código aberto. Repasou varias experiencias sobre proxectos nos que a publicación de código

■ (r)evoLuSion: CARA MODELOS DE NEGOCIO BASEADOS EN SOLUCIÓNS TIC EN CODIGO ABERTO.



Memoria de actividade

en repositorios abertos representou certos beneficios en proxectos. Ademais de aportar a súa visión de certos elementos como a creación dunha gran comunidade ao redor dun produto ou tecnoloxía, de como a transparencia e liberdade fai que a utilización de tecnoloxías de código aberto sexa a opción sobre a que construír en Imatia.

3.- CONCLUSIONES

O aspecto máis positivo desta iniciativa foi o cumprimento do seu obxectivo principal: facer un estudio de como afecta o software libre aos sectores industriais dende unha perspectiva entorno a modelos de negocio e dirección de empresas.

Neste sentido, hai que sulñar o interese de tódolos asistentes por aportar ideas, intercambiar opinións e debater a situación actual e futura do software libre en Galicia.

A celebración da mesa redonda e dos grupos de traballo foi un dos elementos máis positivos da Xornada, onde se trataron, entre outros, os seguintes temas:

A xornada da tarde realízase baixo demanda de necesidades e/ou interese nos temas formulados polas empresas participantes na xornada da mañá.

En total, 15 empresas mostraron interese en participar nas xornadas da tarde, entre elas empresas do sector TIC galego e algunha doutros sectores como artes gráficas, etc, outras asociacións TIC ademais de Agasol .

Na xornada de tarde creáronse 3 grupos de traballo por petición das empresas participantes e que van ter continuidade no tempo.

Finalizados os grupos de traballo, celebrouse unha mesa redonda para poñer en común os traballos dos distintos grupos, entablándose un debate no que participaron as empresas participantes e que resultou moi enriquecedor dende o punto de vista de Agasol como organizadora, como das empresas participantes, entre as cales xurdiu unha proposta firme de negocio na modalidade de SAAS e outro proxecto para colaborar no eido da formación.

Tanto o resultado dos grupos de traballo como da mesa redonda e da Xornada en xeral amósanos a necesidade e sobre todo o interese das empresas TIC en todo o relacionado co SwL e ensinanos o

■ (r)evoLuSion: CARA MODELOS DE NEGOCIO BASEADOS EN SOLUCIÓNS TIC EN CODIGO ABERTO.



Memoria de actividade

descoñecemento xeral que existe sobre o mesmo e sobre os seus modelos de negocio, licenzas, etc. A conclusión máis importante á que chegamos dende Agasol é a necesidade de Xornadas destas características e anímanos a propoñernos realizar a II xornada (r)evoLuSion para o ano que vén.

Licenza Recoñecemento-Compartir baixo a mesma licenza. [licencia Creative Commons Attribution-ShareAlike 3.0 Spain](https://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/es/).

